

NOTA DE PRENSA

Expertos médicos salientan que a balneoterapia é capaz de influír dun xeito moi positivo na evolución de enfermidades crónicas

Aseguran que os tratamentos con augas mineiromedicinais axudan a diminuír a dor, reducen a inxesta de medicamentos e melloran a funcionalidade dos pacientes

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o edificio docente Roberto Novoa Santos da USC acolle esta tarde (18.30 horas) unha nova sesión dirixida a futuros facultativos expertos na cura termal. A responsable de impartir esta xornada será a doutora **Dolores Fernández Marcos**, directora médico de Caldaria Termal, que aglutina os balnearios ourensáns de Arnoia, Laias (no concello de Cenlle) e Lobios.

A doutora **Fernández Marcos** abordará a importancia e a evolución histórica da hidroloxía médica. Nesta liña, os futuros médicos coñecerán o valor terapéutico das augas mineiromedicinais dende principios do século XX ata o seu uso actual.

A doutora sinala que “nas primeiras décadas do século pasado a balneoterapia era considerada como unha terapia de primeira orde, posto que a Medicina aínda tiña moito que progresar. Pero co tempo melloraron as técnicas de diagnóstico, xunto co desenvolvemento de fármacos, de xeito que a aplicación das augas termais para combater doenzas quedou relegada como tratamento preventivo e complementario doutros tratamentos farmacolóxicos”.

Non obstante, a doutora asegura que “a balneoterapia é capaz de influír na evolución de enfermidades crónicas, reducindo os episodios de dor e a inxesta de medicamentos e, en definitiva, contribúe á funcionalidade do paciente”. Salienta que debe ser considerada no marco da Medicina como unha ferramenta terapéutica máis, cun valor fundamental de cara a mellorar a calidade de vida dos enfermos crónicos.

Propiedades da augas

A doutora lembra que as augas mineiromedicinais gozan dunhas propiedades físicas e químicas que as dotan de propiedades terapéuticas. “Cada tipo de auga posúe unhas características particulares para tratar doenzas concretas. Tamén inflúe a temperatura á que aflora a auga e as técnicas que emprega cada establecemento termal (auga de bebida, inhalacións, baños, piscinas, tanquetas...). Os expertos indican que tamén repercute a profundidade da inmersión do paciente na auga, que será diferente segundo se queira tratar un problema respiratorio ou do aparato circulatorio, por exemplo.